

FICHA DE COMPILADOR



Nome: Rosa García-Orellán

Lugar de nacemento: Pasaia (Gipuzkoa)

Biografía:

Nacida en Pasaia e de ascendencia galega, Rosa García-Orellán é doutora en antropoloxía pola Universidade do País Vasco. Na súa tese de doutoramento compara a concepción da morte nas culturas vasca e galega.

Destaca na súa traxectoria a atención dedicada ás súas dúas almas culturais, e que se complementa cunha vocación internacional; as súas investigacións teñen como eixo transversal a vivencia da comunidade galega en Euskadi ao longo do século XX.

A súa atención vira máis tarde cara ao campo da pesca industrial do bacallau; para afondar neste tema realizou diversas estancias na Memorial University of Newfoundland (Terranova, Canadá), o que enlaza coa súa ampla investigación sobre a poboación galega asentada no porto de Pasaia e sobre os portos de Galicia relacionados con esta actividade. Froito destas investigacións é o libro *Hombres de Terranova*, publicado no 2002 (en EE.UU. no 2009), onde se reproducen os relatos de persoas vinculadas a esta actividade e que abranguen todo o pasado século XX; tamén investigou o importante labor desenvolvido polas mulleres neste porto e nesta mesma actividade. Foi comisaria da exposición internacional Rumbo al Gran Banco de Terranova (*Bound for the Banks of Newfoundland / Cap sur le Grand Banc de Terre Neuve*), onde amosaba a nivel gráfico a súa investigación.

